



Ref. 1022
RJ/ma

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA O ALUGUER DE ELEMENTOS DECORATIVOS DA ILUMINACIÓN DE NADAL 2009-2010

1. AMBITO DO PREGO

O presente prego constitúe o conxunto de condicións, normas, especificacións e características mínimas esixibles que rexerán a execución do aluguer de elementos decorativos da ILUMINACIÓN DE NADAL.

2. OBXECTO DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO

O obxectivo é o aluguer de elementos decorativos da ILUMINACIÓN DE NADAL.

Esta iluminación ten os seguintes OBXECTIVOS:

- **Dinamizar o Concello de Culleredo desde o punto de vista comercial, hosteleiro, etc**

O OBXECTIVO DO PROCEDEMENTO É:

- **Contratación en aluguer de elementos decorativos da Iluminación de Nadal polas rúas do Concello de Culleredo**

A PROPOSTA DEBE CONTER OS SEGUINTE APARTADOS:

- **Descrición da instalación. Estructura mínima:**
 - ✓ **Tensión de suministro**
 - ✓ **Acometida**
 - ✓ **Condutores**
 - ✓ **Soportes**
 - ✓ **Proteccións**
 - ✓ **Tensión de aislamiento**
 - ✓ **Implantación**
 - ✓ **Altura do montaxe**
A distancia mínima de calqueira elemento de iluminación sobre a calzada nos será inferior a 4 m, e de 3 m. en prazas ou xardíns sen tráfico rodado.
 - ✓ **Inter distancia**
 - ✓ **Red aérea tensada**
 - ✓ **Red aérea posada**
 - ✓ **Características e deseño dos elementos luminosos**
 - ✓ **Consumo de enerxía dos elementos luminosos**
 - ✓ **Imaxes dos elementos de iluminación (ben fotografía ou ben deseño dos mesmos)**
- **Suministro de materiais.**

Corresponderá a empresa contratada o suministro de tódolos materiais principios e auxiliares necesarios para o montaxe, mantemento e desmontaxe.
- **Posta en servizo.**



A empresa contratada presentará os correspondentes boletíns das instalacións eléctricas na Consellería de Economía e Industria correspondente, en sinal de autorización de posta en funcionamento.

Asemesmo, se encargará de presentarse nas oficinas da compañía eléctrica para proceder a posta en servizo da instalación.

A iluminación deberá estar en funcionamento os seguintes días: do 12 de decembro de 2009 ó 6 de xaneiro de 2010, ámbolos dous incluídos. Estas datas poderán sufrir variacións en función das recomendacións do IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro de Enerxía).

O horario de encendido e apagado da iluminación será previamente acordado polo Concello e a empresa contratada, e non poderá variarse durante os días de servizo.

➤ **Desmontaxe das instalacións.**

A empresa contratada encargárase de proceder á desconexión eléctrica e desmontaxe de tódala instalación efectuada.

Esta operación realizarase dentro dos quince días seguintes ao da desconexión definitiva.

➤ **Garantía de funcionamento**

O correcto funcionamento da instalación ten que estar garantizado ó día da súa posta en funcionamento, correspondendo á empresa contratada manter estas condicións ata o día da súa desconexión definitiva.

➤ **Distribución da instalación**

Según Anexo I.

➤ **Seguro de responsabilidade**

A empresa contratante contará cunha póliza de responsabilidade civil.

3. CONDICIÓN XERAIS

- O Prazo de realización será antes do 12 de decembro de 2009.

4. MELLORAS

As condicións especificadas neste prego son as mínimas que deben cumprirse podendo aportarse todo tipo de melloras convenientemente documentadas.

A estrutura mínima do número de arcos propostos poderá ampliarse o que se terá en conta na valoración da oferta.



CULLEREDO
CONCELLO
Concellaría de Promoción Económica

ANEXO I

- o 2 unidades de iluminación nas rotondas: Burgo e Fonteculler
- o 4 arcos "Boas festas": Vilaboa, Fonteculler, O Burgo, Portádego (Radio Culleredo) .
- o 29 unidades de arcos nas parroquias do Burgo e Fonteculler
- o 15 unidades de arcos na Avenida Vilaboa
- o 19 unidades de arcos nas parroquias rurais
- o Iluminación Fachada Concello con rótulo de "Boas Festas"
- o 1 unidade de arco na entrada do Colexio Sofía Casanova co rótulo "Culleredolandia"

Culleredo, 10 de xullo de 2009

Asdo.: Mónica López Andrade
Xefa de Servizo de Promoción Económica